

ACABADAS DE NACER

Jean-Pierre Dardenne, Luc Dardenne, 2025

ESTREA EN NUMAX: 31.10.2025 | V.O.S.E. | +12 | 104 min

Jessica, Perla, Julie, Ariane e Naïma viven nun refuxio para nais mozas. Son cinco adolescentes que se criaron en circunstancias difíciles e loitan por construír unha vida mellor para elas e os seus fillos.

«Os irmáns belgas regresan ao ton dos seus máis brillantes traballos nunha historia mínima explicada cunha precisión e un agarimo desproporcionados»

Luis Martínez, EL MUNDO

1623



Entrevista con Luc e Jean-Pierre Dardenne: «Unha das cousas boas que ten o cinema é que che dá a posibilidade de ser outro»

Por Daniel Mantilla

Dalgunha forma esta película é máis optimista que as anteriores *Tori & Lokita* e *O mozo Ahmed*. Como xorde este achegamento a un grupo de nais mozas? Luc

Dardenne: Cando chegamos ao refuxio de nais mozas sorprendeunos a vida que atopamos alí e a luz que desprendía ese lugar. Gustounos ver como traballaban para protexer a vida das nais e dos seus fillos. Eran mozas que por primeira vez nas súas vidas estaban a deixar atrás a violencia, a pobreza ou a agresividade coas que medraran. O sitio namorounos de verdade. Foi aí cando pensamos que deberíamos contar varias historias. Entón non sabíamos aínda que é o que queríamos contar, pero si tiñamos claro que ían acabar con optimismo.

Jean-Pierre Dardenne: Desde o principio tiñamos claro que non íamos falar destas cinco mozas como un grupo, senón que cada unha ía ter o seu propio percorrido e ían ser independentes. As historias foron xurdindo aos poucos porque o que máis nos importaba ao principio era falar do refuxio en si, pero despois démonos conta de que podía quedar unha película demasiado encorsetada. Ao final decidimos falar de como, a pesar de vivir xuntas, poden seguir estando moi soas no que lles pasa.

A película chega nun momento moi interesante porque estamos a ver unha regresión en Europa e unha volta de debates que xa aparecían resoltos. En España, por exemplo, está a cuestionarse o aborto ultimamente, un dereito adquirido hai moito tempo. L.D.:

Non hai un debate sobre o dereito ao aborto en Bélxica, pero na película decidimos centrarnos nesas mozas que non poden ou non queren abortar. Ao final é para o que existen eses centros. Na película tamén se explora o debate que puideron ter ou non as mozas respecto ao seu embarazo. Unha delas non puido abortar porque a súa nai se opoñía, por exemplo. Neste tipo de centros adoitan acabar normalmente mozas de familias moi pobres e desestruturadas onde reina a violencia.

No seu cinema vimos todo tipo de vidas. Teño curiosidade por saber que pensan destes debates identitarios que hai, sobre todo en Estados Unidos, sobre quen ten dereito a contar segundo que historias. J.P.D.:

Espero que nunca se consolide esa idea e que só podemos facer películas do que somos, senón só contaríamos historias de señores de 70 anos. Durmiríamos ao público. Unha das cousas boas que ten o cinema é que che dá a posibilidade de ser outro, tanto para o público como para nós como creadores. *Acabadas de nacer* permitiunos ser cinco nais solteiras que teñen entre 16 e 17 anos. Cos novelistas pasa o mesmo. Imaxina que só puidesen escribir sobre si mesmos, crearíase unha sociedade irrespirable. Non queremos vivir nunha cámara mortuoria.

Nunha entrevista recente dixeron que lles gustaba o cinema de Carla Simón...

J.P. D.: Gústannos os cineastas que teñen o seu propio universo. Nós témolo e ela tamén. Sinto que dalgunha forma pertencemos á mesma familia, aínda que fagamos cousas diferentes. Gústanos como as súas películas falan dos procesos e de como se transmiten as cousas dunha xeración a outra. Iso está aí en *Verán 1993*, cando a nena descobre que é orfa e en *Alcarràs*, que fala do negocio familiar de pexegos, unha tradición que vai desaparecer. No seu cinema sempre hai vida e luz a pesar de todo o que estea a pasar ao redor. Ten unha sensibilidade que nos toca e conmóvenos. Encántanos descubrir ese universo ao ver as súas películas.